

COLECTIVO	APELIDOS E NOME	NIF	E. ADX.	CENTRO DE DESTINO	C.COMP.	AFIN1	AFIN2	AFIN3	F.(*)	L.S.(**)	RESULTA
596617 TECNICAS DE PATRONAXE E CONFECCION											
INTERINO	PAZOS LEMA, SOFIA	33238896D	596617	15015834 E.ART MESTRE MATEO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)					NON	NON	
596618 TECNICAS DE METAL											
INTERINO	MIGUEZ LOSADA, ANTONIO	33245355M	596618	15015834 E.ART MESTRE MATEO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)					NON	NON	

LEENDA:(*) COLECTIVO AO QUE PERTENCE: I: INTERINO, S: SUBSTITUTO, O: PRACTICAS OPOSICION. (**) F.: FORZOSA. (***) L.S.: LIBERADO/A SINDICAL.

Resolución do 21 de setembro de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se resolve a adxudicación de destino provisional para o próximo curso académico 2007-2008, en determinadas especialidades de profesores de ensino secundario e do corpo de profesores técnicos de formación profesional.

Por Resolución do 20 de xuño de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ditáronse normas para a adxudicación de destino provisional para o próximo curso académico 2007-2008, entre profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Resultas as reclamacións producidas á resolución provisional de determinadas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional, esta secretaría xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Adxudicar destino provisional para o curso académico 2007-2008 aos profesores que figuran no anexo desta resolución nos centros e especialidades que alí se especifican.

Segundo.-Facer públicas as comisións de servizo e os desprazamentos por falta de horario nas especialidades relativas as especialidades propias da formación profesional específica.

Terceiro.-A toma de posesión será con efectividade do 24 de setembro de 2007.

Cuarto.-Sen perxuízo do previsto no punto anterior, no caso dos profesores interinos que teñan nomeamento durante o curso académico 2006-2007, a toma de posesión terá efectos económicos e administrativos do día inmediatamente posterior o do seu cesamento.

Quinto.-Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado

desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2007.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 17 de setembro de 2007, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, relativo á publicación das puntuacións definitivas dos exercicios da fase de oposición do proceso selectivo convocado pola resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 8 de agosto de 2006 (Diario Oficial de Galicia número 155, do 14 de agosto).

O punto 11 da base sexta A) da resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 8 de agosto de 2006 (DOG nº 155, do 14 de agosto), pola que se convoca o concurso-oposición para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, establece que, tras a publicación das puntuacións dos exercicios, os aspirantes poderán presentar reclamación ante o tribunal no prazo de cinco días hábiles seguintes ao da devandita publicación.

A estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderanse implícitas na resolución pola cal se publiquen as puntuacións definitivas dos distintos exercicios.

Á vista das reclamacións presentadas en prazo, cada tribunal confirmou as listaxes de puntuacións definitivas outorgadas aos aspirantes, polo que procede agora darlles publicidade, facultándose para iso expresamente este centro directivo, polo que,

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar as puntuacións definitivas acadadas polos aspirantes das categorías de ATS, auxiliar de enfermería, celador e pinche de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, convocado pola Resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 8 de agosto de 2006 (DOG nº 155, do 14 de agosto).